

# prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos

A Consellería de Traballo e Benestar establece as bases que rexerán a concesión da *prestación económica de pagamento único por fillos e fillas menores de tres anos para o ano 2015*.

Poderán ser **beneficiarios** aquelas persoas que teñan menores de 3 anos o 1 de xaneiro de 2015 (nados entre o 2-1-2012 e o 1-1-2015, inclusive) e que, durante o ano 2013, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración do IRPF correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso. Tamén se poderán acoller a esta axuda no caso de fillos adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2013 e o 31 de decembro de 2014; así como os estranxeiros que residan en Galicia sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000 e os requisitos establecidos nesta norma e tivesen a condición de contribuínte para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF.

**Contía:** cando sexa a **primeira filla/o: 360 €**; cando sexa a **segunda filla/o: 1200 €**; cando sexa a **terceira filla/o e sucesivos: 2.400 €**.

## Requisitos

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que os menores convivan coa persoa solicitante na data da solicitude.

## Documentación:

- A **Solicitude** no modelo oficial que figura como **Anexo I**, poderá achegalo en soporte papel cuberto e asinado pola persoa solicitante, xunto coa documentación necesaria ou, por vía electrónica no enderezo da sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.es/resultados-da-guia-de-procedementos>, (será necesaria unha copia dixitalizada da documentación que solicitan).
- O **Anexo II**, cuberto e asinado polo outro proxenitor (parella ou cónxuxe do solicitante).
- Copia do todas as follas do libro de familia.
- Número da cartilla de aforros na que figure como titular o solicitante.
- Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e, do convenio regulador ratificado polo xulgado, se é o caso.
- **Volante de empadramento colectivo** expedido polo Concello (este volante é gratuito). Para **Familias monoparentais, non vale volante, e necesario un certificado de empadramento colectivo.**

**Importante:** Se o solicitante xa recibiu a prestación no ano 2014, so terá que enviar o **Anexo I** debidamente asinado pola persoa solicitante, o volante de empadramento colectivo e a copia do libro de familias, sempre e cando se manteñan as mesmas circunstancias persoais, xurídicas e económicas determinantes do dereito da prestación.

**Prazo: 14 de marzo de 2015.** Para máis información nos Servizos Sociais ou chamando ao telef.: **981-73 70 04.**

Camariñas, 3 de febreiro de 2015

O concelleiro de Servizos Sociais e Igualdade,  
**Sergio Caamaño Fernández**